

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA TRINTA DE XUÑO DE DOUS MIL CATORCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas do día trinta de xuño de dous mil catorce, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: , Juan José Ramos Prieto , José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Benigno Galego Castro Cándido Eusebio Prieto Lago, Rocio Martinez Martinez e Jairo Orjales Sande, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa . Non asistiu Faustino Cebreiro Paz Actúa de secretaria Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.- Aprobación se procede da acta do pleno do día trinta de abril de 2014. Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a acta anterior.

2.- Toma de posesión da concelleira Rocío Martinez Martinez . Conforme ao disposto no artigo. 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeneral, os Concelleiros deben proceder a prestar xuramento ou promesa, na forma establecida polo Real Decreto 707/1979. do 5 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas polo que ante o Pleno . Rocío Martinez Martinez . promete , pola súa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigacións do cargo de concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado.

A Alcaldesa dálle a benvida ao Concello

3. Aprobación provisional da modificación 2/2013 do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Cerdido para a ampliación do cemiterio da Barqueira . Leda a proposta da alcaldía do tenor literal seguinte : Despois de que o día 28.02.2014 fora aprobado inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal 2/2013 mediante acordo do Pleno, e que este foi sometido á información pública por un prazo de dous mediante un anuncio no Diario de Ferrol : día da de publicación 25.03.2014 , paxina 17. ,La Voz de Galicia :Día da publicación 25.03.2014 , paxina L9, DOG .Día de publicación 14.04.2014 paxina 17270 e unha vez que se lles deu audiencia, simultaneamente, e durante o mesmo prazo de información pública, aos municipios limítrofes: para os efectos de que presentasen todas as alegacións que considerasen pertinentes. Visto os informe de Secretaría e o informe dos servizos técnicos municipais e de conformidade co disposto nos artigos 22.2.c) e 47.2.11) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, ,esta alcaldía propón ao Pleno do Concello de Cerdido a aprobación do seguinte **ACORDO: PRIMEIRO.** Que se aprobe provisionalmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal 2/2013 para a ampliación do cemiterio da Barqueira **SEGUNDO .** Unha vez dilixenciado, que se traslade o expediente de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.»Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior . Catro votos a favor dos concelleiros Juan José Ramos Prieto , José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro,e o voto da Sra. Alcaldesa e catro abstención dos concelleiros Benigno Galego Castro Cándido Eusebio

Prieto Lago, Rocío Martínez Martínez e Jairo Orjales Sande

A **alcaldesa** explica que unha vez rematado o período da exposición ao público débese remitir a Xunta .

O **concelleiro Benigno Galego Castro** pregunta a alcaldesa sobre si houbo alegacións o que lle contesta que non

4. Resolución do expediente de investigación de oficio sobre a existencia dun camiño público en Os Casás . Leda a proposta da alcaldía do tenor literal seguinte :Atendendo os seguintes antecedentes de feito :

1.- Escrito presentado por Sofia Luísa Hermida López sobre a existencia dun camiño público en Campo da Igrexa, parroquia dos Casás presentado o día 23.07.2012 (referencia rexistro de entrada núm. 936)

2.- Informe redactado por María del Carmen Novoa Siío, arquitecta da empresa do servizo técnico municipal do día 11.09.2012

3.-Acordo do Pleno do concello de Cerdido do día 18.01.2013 .

4.- Decreto da alcaldía núm. 50/2013 do día 01.03.2013 no que se acorda iniciar un expediente de investigación de oficio para aclarar a existencia ou non dun camiño público

5.- Solicitud de informes a Consellería de Presidencia, Administración pública da Xunta de Galicia e (remitido o informe o día 25.03.2013,) . á Subdelegación do Goberno (informe remitido o día 25.03.2013) e a Xerencia do Catastro (remitido o día 19.04.2013)


6.- Exposición ao público do expediente publicado o día 04.04.2013 e Presentación de nova documentación por parte de Sofia Luísa Hermida López , valorada por informe técnico o día 13.12.2013

7. Inicio da proba testifical realizada durante os días 24 o 26 de marzo a Nicasio Breijo Garcia, Isabel Seoane Fragueta, e Gerardo López Piñon .

8. Informe técnico asinado por María del Carmen Novoa Siío, arquitecta da empresa do servizo técnico municipal do día 03.04.2014 e informe da secretaria-interventora do día 04.04,2014E. ao abeiro do disposto no artigo s 2 e seguintes do Real Decreto 1732/1986 do 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL) .**Esta alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo :PRIMEIRO :** Declarar a existencia dun ben de uso publico , unha vez instruído o expediente de investigación de oficio no que atendendo a información testifical así como dos informes técnicos e fotografías obrantes no expediente presúmese a existencia dun camiño, que ten continuidade por ámbolos dúas lados se ben nun treito esta asfaltado noutro treito é de terra polo que se presume o seu uso público xa que aínda que hoxe esta en desuso comunicaba varios núcleos da parroquia dos Casás co Concello de Moeche .**SEGUNDO :** Incorporar no inventario municipal de bens o citado camiño , identificado no informe técnico polo nome T-055 .**Os membros do Pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior .**

A **alcaldesa** explica que con este acordo dáse por rematado o expediente no que se dixo que mandara cambiar un poste e non é certo

O **concelleiro Benigno Galego Castro** explica que o cambio da farolas díxose porque así o dixeran unha veciña , preguntouse no pleno non se afirmou nada , e anuncia que lle parece excesivo o tempo transcorrido e solicita que se axilicen os trámites administrativos .



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

5. Moción presentada polo grupo municipal do PSOE relativa a instar a Xunta de Galicia a derogación do apartado c do artigo 41 da Lei 9/2013 de 19 de decembro do procedemento e da competitividade económica de Galicia . O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE do Concello de Cerdido, en aplicación do disposto no Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, presenta diante do Pleno da Corporación a seguinte MOCION relativa a INSTAR A XUNTA DE GALICIA A DERROGACION DO APARTADO “C” DO ARTIGO 41, DA LEI 9/2013, DE 19 DE~DECEMBRO, DO EMPRENDEMENTO E DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE GALICIA, a fin de que sexa debatida e votada na sesión plenaria ordinaria correspondente ó mes de xuño do 2014:EXPOSICION DE Motivos comisións de festas teñen sido historicamente en Galicia o instrumento que tradicionalmente teñen creado os veciños para organizar as festas das súas parroquias ou barrios. Calquera que tivera contacto con unha delas sabe o moito de esforzo e altruísmo que aportan seus compoñentes á hora de facer realidade as necesidades festivas dos seus pobos; sendo un exemplo claro de colaboración e participación cidadá á hora de atender demandas colectivas. Neste contexto, o pasado día 27 de decembro, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2013, do 19 de decembro, denominada “do emprendemento e da competitividade económica de Galicia”. Nesta disposición legal inclúese unha nova regulación para a concesión de licenza a determinadas actividades de espectáculos públicos e actividades recreativas, e ó seu tenor, no artigo 41, letra c) sinálase que será precisa a obtención de licenza para “a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles”.Este artigo afecta directamente, e dun xeito moi negativo, á labor que desenvolven as comisións de festas, que vense obrigadas a levar a cabo uns trámites administrativos complexos e custosos diante dos Concellos á hora de organizar, baixo criterios de estrita legalidade, as festas locais, o que dificulta a súa labor, xa de por si complicada. Baste dicir que se lles obriga a presentar un proxecto, asinado por técnico competente, no que se determine o axuste das festas á normativa urbanística e sectorial, e que estableza determinacións sobre prevención e seguridade en incendios. Tamén teñen que presentar, entre outra documentación, plan de emerxencias, plan de auto protección, estudo da mobilidade xerada, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria. (art. 42 da sinalada lei).Nin que dicir ten que, a Xunta de Galicia ó impoñer estas obrigas, manifesta o seu descoñecemento da realidade das festas parroquiais e de barrio no noso País, así como do xeito de organizarse e traballar das comisións veciñais de festas, e pon en moi serio perigo a continuidade estes actos festivos populares. Mais alá deste inxente prexuízo ós cidadáns, non é menor o que se lle causa ós sectores profesionais que se moven ó seu redor: orquestras e grupos musicais, axentes de espectáculos, feirantes, empresas de atraccións de feira, hostalaría local, etc. Esta é unha clara mostra dunha disposición legal innecesaria que, como nos ten acostumados a Xunta de Galicia con moitas das súas normas, non só non resolve problema algún, senón que directamente crea un de enorme transcendencia. Por último non podemos menosprezar os efectos negativos que xera esta norma a gobernos municipais e ás súas estruturas administrativas, que se están vendo obrigados a aplicar unha disposición a todas luces innecesaria e impopular, cargándose, en tempos de penuria das arcas municipais, de mais traballo e custes. Por todo o anterior o GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PSOE de Cerdido presenta ó Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:1º. Instar ó Presidente da Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para a modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminando do seu texto o disposto no artigo 41, apartado c),

no que se refire á obriga ás comisións de festas de obtención de licenza para a celebración de festexos populares.2º. Dar traslado do presente acordo ós grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ó acordado neste punto polo pleno do concello de Cerdido. Cerdido a 9 de Xuño de 2014.. Cándido Eusebio Prieto Lago. Concelleiro do PSdeG. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a moción anterior** . Catro votos a favor dos concelleiros Benigno Galego Castro ,Cándido Eusebio Prieto Lago, ,Rocio Martinez Martinez e Jairo Orjales Sande e catro abstencións dos concelleiros Juan José Ramos Prieto , José Esmoris Aldao, María José López Lamigueiro,e o voto da Sra. Alcaldesa .

A alcaldesa solicita que defenda a moción o voceiro do grupo polo que toma a palabra

O concelleiro Benigno Galego Castro que explica que a xunta aprobou unha lei no que obriga cumprir unha serie de requisitos que van a acabar coas festas parroquiais , se ben a xunta a traves dunha circular minorou estes requisitos estes seguen sendo de difícil cumprimento

O concelleiro Jairo Orjales Sande anuncia que esta dacordo coa moción , e entende que esixir un proxecto dun enxeñeiro para unha festa parroquial é desproporcionado

A alcaldesa explica que si ben se mandou unha circular para suavizar os requisitos , a lei debe ser modificada.

O concelleiro Cándido Prieto Lago explica que os problemas se derivan en que agora se necesita unha licenza para as festas cando antes soamente se necesitaba unha autorización .


Control e fiscalización dos órganos da Corporación:

6-Dar conta dos decretos da Alcaldía

Núm.	Data	Descrición
Abril 2014		
62	28/04/2014	Inscripción da asociación de pais de alumnos “Os Carrís” no Rexistro Municipal
63	29/04/2014	Autorización das festas de Santa Lucía o día 3 de maio no lugar de Mestas
64	30/04/2014	Acordo de contratación dun condutor da bolsa para cubrir vacacións de Pablo
Maiο 2014		
65	05/05/2014	Aprobación de facturas do nº 139 ao nº 197
66	06/05/2014	Aprobación de recibos do servizo de axuda no fogar de abril de 2014
67	06/05/2014	Acordo de contratación dunha traballadora da bolsa para cubrir a baixa de Pilar Martínez Montero
68	07/05/2014	Acordo de adxudicación da obra “Camiño Cruz encarnada-Vilarelle a empresa Villasuso Ortegál S.L.
69	08/05/2014	Emenda dos puntos terceiro e cuarto do decreto de aprobación da liquidación do exercicio económico 2013



Concello de Cerdido (A Coruña)

	As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027 www.cerdido.es correo@cerdido.es	
70	09/05/2014	Acordo de adxudicación do contrato dos servizos xurídicos para a reclamación de danos polo accidente do pick up
71	15/05/2014	Autorización a Asociación Restauracións Amigos dos Casás para usar a nave dos Casás para gardar a maquinaria restaurada
72	15/05/2014	Autorización a particular para usar un local do Castro para festa de aniversario infantil o 4 de maio de 16:00 a 19:00
73	16/05/2014	Convocatoria da Comisión Especial de Contas
74	14/05/2014	Acordo de contratación dunha traballadora da bolsa para cubrir a baixa de Natalia Mera Carrodegas
75	20/05/2014	Acordo de aprobación do expediente de contratación da obra Camiño Rego da Madeira ao límite do Concello de Moeche (Os Casás e outros) e declaración do procedemento negociado
76	22/05/2014	Concesión da licenza nº 2013/U009/000025 para ampliación dun establo en Paineira
77	26/05/2014	Autorización da celebración da feira de 1900 no lugar de Porto os días 31 de maio e 1 de xuño e para cortar unha vía municipal ao tráfico rodado
78	27/05/2014	Acordo de contratación dunha traballadora da bolsa de Auxiliares de Axuda no fogar polo aumento das horas concedidas para atención á dependencia
79	28/05/2014	Acordo de solicitude de 35.630,22 € ao Fondo de Compensación Ambiental da natureza para a Rexeneración do paseo río Pontellas
Xuño 2014		
80	02/06/2014	Aprobación de facturas do nº 198 ao nº 242
81	10/06/2014	Autorización a Comisión de festas da Barqueira 2014 para levar a cabo o espectáculo pirotécnico durante as festas de San Antonio
82	10/06/2014	Acordo de contratación de dúas traballadoras da bolsa para cubrir as vacacións do persoal de axuda no fogar
83	07/04/2014	Autorización a Comisión de festas da Barqueira 2014 para pechar unha vía municipal ao tráfico rodado durante a celebración das festas de San Antonio
84	11/06/2014	Acordo de modificación do contrato do servizo de limpeza dos edificios municipais, prorrogándoo 3 anos co aumento do 85% do IPC
85	12/06/2014	Autorización a Comisión de festas da Barqueira 2014 para levar a cabo o espectáculo pirotécnico durante as festas de San Antonio
86	16/06/2014	Aprobación de recibos do servizo de axuda no fogar de maio de 2014
87	17/06/2014	Acordo de adhesión ao Plan de financiamento das cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais da Deputación da Coruña para o 2014
88	18/06/2014	Aprobación do calendario de vacacións do persoal de oficinas
89	18/06/2014	Acordo de solicitude de axuda para contratar a 4 traballadores a través do programa de cooperación para o fomento do emprego da Consellería de Traballo e Benestar
90	19/06/2014	Autorización para levar a cabo o espectáculo pirotécnico os días 21 e 22 de xuño no lugar de Campo da Igrexa, nos Casás, durante a celebración das festas de San Xoán
91	20/06/2014	Autorización para levar a cabo as luminarias de San Xoán e San Pedro no termo municipal

92	20/06/2014	Aceptar unha donacion dun particular de 200 € ao mes durante seis meses para a adquisición de comida e bens de primeira necesidade principalmente a familias con nenos do concello
93	23/06/14	Convocatoria de Pleno ordinario

O Concelleiro **Jairo Orjales Sande** solicita a aclaración dos seguintes decretos :

Num 79 . en que consiste a subvención solicitada ao Fondo de Compensación Ambiental . A alcaldesa explica que o que se pretende e disminuir os gastos de mantemento do paseo

Num 84 . a prorroga do contrato de limpeza . A alcaldesa afirma que a prorroga e por tres anos mais


Num 87 ,de que se trata o plan . A alcaldesa explica que hai dous plans de contratación de persoal, un como todos os anos e outro para preceptores da Risga que cumpran unha serie de requisitos ,pero no caso de Cerdido non hai ningún veciño que cumpra estes requisitos .

Num 92 en que consiste, vaise dar divulgación , haberá convocatoria publica ? . A alcaldesa explica que é unha donacion dun particular e que se vai a organizar xunto os servizos sociais , o tema é complicado porque a xente é reacia a pedir esta axuda .

7-Dar conta dun erro no informe a liquidación do presuposto do ano 2013 así como o novo decreto de aprobación . A Secretaria deu lectura o informe do dia 08.05.2014 que se transcribe deseguido:PAULA DIAZ TIE , SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE CERCIDO (A CORUÑA) INFORMA . Que detectado un erro no punto numero tres do meu informe sobre o análise da regra de gasto tras a liquidación do ano 2013 , procede redactar o punto terceiro do informe do seguinte xeito : Análise da regra do gasto O artigo 12 da LOEPSF esixe ás Entidades Locais que a variación de gasto non computable supere a taxa de referencia do crecemento do PIB, que foi fixada para o exercicio 2013 no 1,7 %.Da redacción literal da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de información previstas na LOEPSF dedúcese a obrigación de comprobar, coa liquidación do Orzamento, o cumprimento do obxectivo da Regra de Gasto. Obviamente esta análise realízase por primeira vez coa Liquidación de 2013 e manteranse no resto de exercicios económicos. Para a determinación da regra do gasto a Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE), publicou unha guía para o seu cálculo, que na súa segunda edición establece os seguintes criterios e magnitudes económicas a ter en conta: **Entenderase por gasto computable** os empregos non financeiros (gastos dos capitulo 1 ao 7) en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, a parte do gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea ou doutras Administracións. **A guía do IGAE**, establece unha serie de axuste que se deben realizar, entre eles de aplicación neste Concello, é o axuste por execución xa que a execución presupostaria pode presentar desviacións respecto aos créditos iniciais do presuposto, polo que o IGAE recomenda realizar axuste por execución do presuposto aplicando a seguinte formula:

$$\frac{1}{3} \sum_{i=1}^3 \left[\frac{\text{ORN}_{\text{año } n-1} - \text{CL}_{\text{año } n-1}}{\text{CL}_{\text{año } n-1}} \right]$$

Axuste por execución:



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Dos datos recollidos dos exercicios económicos dos últimos tres anos que se reflexa a continuación o resultado por dos axustes de inexecución é do 0,11 % en positivo:

Anualidade	ORN	CI	Resultado
2010	1.305.189,95	1.147.307,00	0,13
2011	1.115.602,15	946.666,29	0,17
2012	982.772,10	932.633,00	0,05
Media aritmética			0,11

B. Calculo da regra de gasto segundo establece o artigo 12 da Lei orgánica 2/2012. Segundo establece o manual , segunda edición do IGAE , sobre a regra de gasto , o resultado obtido deberá descontarse a parte do gasto que se financie con fondos finalistas , aínda cando estes fondos se perciban nun exercicio distinto do devengo do gasto . O calculo no primeiro informe realizouse a partir do programa de contabilidade pola Suma dos DR do presuposto ordinario dos capítulos de ingreso 4 e 7 excluindo as aplicacións presupostarias 420.00 e 450.01 por ser ingresos procedentes doutras administracións pero non finalistas . Cálculo erróneo xa que existen gastos financiados con fondos finalistas con DR de exercicios anteriores e posterior polo que se procedeu a unha estimación manual , revisando proxecto de gasto individualmente o que se traduce en diferentes cantidades .

CADRO RESUMO DO ANTERIOR INFORME:

Concepto	Liquidación 2012. OR	Taxa referencia de	Aumentos / diminución recadación	Limite regra de gasto	Liquidación 2013 OR
Suma capitulo 1 a 7	981.772,10	1,70			1.080.573,49
(+) axustes por grado de execución	1.079,95				1188,63
(-)Gasto financiado con gastos finalista de outras admin. *	429.485,11				490.006,93
	CA: 89464,80				CA.113.628,35
	Diput. 340,020,31				Diput. 376.378,58
(+) Aumentos					
	553.366,94	562.774,18		562.774,18	591.755,19

Así mesmo non se cubriu a fila adicada a aumento permanentes na recadación producido por cambios normativos , segundo establece o artigo 12,4 da LO 2/2012 . Tras unha análise do aumento de recadación comparando os DR da liquidación do ano 2012 e 2013 nas taxa

municipais do servizo de abastecemento de auga recollida de lixo e axuda no fogar , que foron modificadas as súas ordenanzas no ano 2013 , determinase as seguintes cantidades polo que o cadro anterior debe ser modificado polo seguinte :

A plataforma do Ministerio non aplica o axuste por inexecución do presuposto , polo que para ser coherente coa información remitida non aplicarei este axuste pese que o Manual do IGAE o contempla. **CADRO RESUMO CORREXIDO PARA CALCULAR A REGRA DE GASTO :**

Concepto	Liquidación 2012. OR	Taxa referencia de	Aumentos / diminución recadación	Limite regra de gasto	Liquidación 2013 OR
Suma capitulo 1 a 7	981.772,10	1,70			1.080.573,49
(+) axustes por grado de execución					
(-)Gasto financiado con gastos finalista de outras admin.	310.752,63				409.751,24
	CA:80.524,15				CA.105.270,83
	Diput. 230.228,84€				Diput. 340.480,41
	671,019,11	682246,43	8393,90	690.820,33	670,822,25
Aumentos / diminución recadación	Liquidación 2012./2013 DR				
Taxa recollida de lixo	4426,76				
Taxa abastecemento de auga	2371,24				
Taxa axuda no fogar	1595,90				
Total	8.393,90				

O concello de Cerdido **cumpre coa regra de gasto na comparativa da liquidación 2012/2013** polo que non é necesario a aprobación dun Plan económico financeiro así que propoño emendar o decreto de aprobación da liquidación neste sentido . Cerdido, 8 de maio de 2014 Paula Díaz Tie .

Os membros do Pleno déronse por enterados .


8. -Dar conta do informe do cumprimento dos prazos previstos para o pagamento das obrigas en cumprimento do disposto na Lei 15/2010 do 5 de xullo. . Primeiro trimestre do 2014. A alcaldesa retira este punto da orde do día , xa que se incluíu por un erro .

9 Mocións de Urgencia . Non se presentaron .

10.- Rogos e preguntas :

1.- O concelleiro **Benigno Galego Castro** formula os seguintes rogos e preguntas a alcaldía :

1.-Roga a alcaldía que se cumpran os prazos de entrega de documentación , xa que a solicitada en



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

febreiro se me entregou en maio

2.- Que pasou cunha terra que se botou en Covelo , que sobrou de limpar as cunetas , xa que dixeron que falaran co Concelleiro de Obras e con Pablo .O concelleiro de obras , explica que a terra xa esta sacada .

3.- Canto foi a achega municipal a gala de fútbol .A alcaldesa explica que será como o ano pasado sobre 100/200 euros o valor dun trofeo .

4.- A pista de Freis a Diaz esta moi perigosa despois de sacar madeira por ela . A alcaldesa explica que ningún veciño lle dixo nada e como esta pista existen moitas no concello , neste momento non hai actuación pendente nesta pista , se no futuro se pretende facer algo nela xa se verá

5.- Roga a alcaldía para que se repare a pista de Pontellas que esta cada dia peor .

6.- Autorizouse o uso da nave dos casas para uso dos vehículos , séguese coa idea de facer exposicións nela ? A alcaldesa afirma que Conrado ofreceuse para dar cursos pero é necesario adentantar un pouco a finca .

7.-Intentouse crear unha praza mais de taxi , as existentes non funcionan . A alcaldesa explica que hai dúas licenzas en vigor e cos papeis en regra e cree que coa nova normativa non pode haber mais de dúas licenzas

8.- Hai noticias sobre a posibilidade de unificar mais aulas na escola de Cerdido? O Concelleiro de Educación ,José Esmorís Aldao explica que no Consello Escolar a directora soamente comentou a solicitude de novos profesores

9.- A normativa da saca da madeira cando se vai a levar a cabo ? A alcaldesa explica que falta persoal para vixiar dada a ausencia de Policía Local , e que en reunións con outros concellos barallouse a idea de sexa un concelleiro ou persoal laboral .

10 O concurso de alumeado publico como van os trámites ?A alcaldesa explica que se esta negociado entre o dous o tres concellos da zona un prego común .

11.Solicita que se entregue o informe do Alquitrán que fai medrar a herba .

12 . En relación os servizos xurídicos para reclamar os danos do vehículo municipal , están xa contratados , non compensaba coller os cartos que ofrecían e o valor do vehículo ? A alcaldesa afirma que o importe do contrato no caso de que gañemos o xuízo faise cargo a compañía aseguradora e que pensa que o coche valía para ser amañado e que este é un risco que se ten que correr para poder reclamarlle toda a reparación .

13. En que consiste a actuación no paseo do rio Pontellas ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental , ten permiso de augas de Galicia ? A alcaldesa afirma que se pretende que non medre

a maleza e que se vai a utilizar un morteiro especial que ven reflexado no proxecto . Xa temos o permiso de Augas de Galicia que se tramitou antes, a espera da existencia dalgunha subvención .

O concelleiro Jairo Orjales Sande realiza as seguintes preguntas e rogos :

1 Roga a alcaldía que se faga cumprir a ordenanza da madeira xa aprobada e pensa que os concelleiros ou o persoal laboral non poden levar a vixilancia da ordenanza

2. Roga a alcaldía que se faga canto antes a reparación do pavimento xunto a Feira da Barqueira . A alcaldesa explica que se esta pendente da chegada dun permiso .

Roga a alcaldía que no programa de subvencións para contratar persoal da Xunta o da Deputación se faga constar que o concello debería ter o persoal que necesita e non para un traballo moi determinado

O concelleiro Cándido Prieto Lago realiza os seguintes rogos e preguntas :

1 Solicitouse a subvención para infraestruturas culturais ? A alcaldesa explica que se solicitou unha subvención a Xunta para adaptar as ramplas da escola da Avisperia a normativa actual .

2 Solicita información sobre unha subvención da Deputación para promoción de feira por 25.000,00 € .A alcaldesa explica que esta equivocado

3 O Plan de aforro de enerxía xurdiu efecto ?A alcaldesa explica que seguimos as recomendacións da empresa e que si se aforrou algo

4 Presentou un escrito sobre información ambiental en relación a un acopio de materias nun terreo xunto ao polideportivo , A alcaldesa explica que obras publicas falou con ela . O concello tratará de utilizar o material e que falou con outros concellos que fan o mesmo como Capela e Valdoviño .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levantou a sesión sendo as trece horas e quince minutos do dia trinta de xuño de 2014.Do que eu como secretaria dou fe

A alcaldesa

A secretaria

Ana Rodríguez Montero

Paula Díaz Tie